



Procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA)

2024/2025

(Aprobado en Consello de Goberno do 01/03/2024)

Consideracións previas

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) 2022/2026 mantén as restricións e limitacións do plan anterior que fan necesaria a estabilización dos criterios de elaboración do Plan docente anual (PDA), de acordo co modelo utilizado para a estimación do custo estándar baseado en datos de docencia, incluído no financiamento estrutural das universidades.

Esta norma dá prioridade ás materias de grao, mantendo a posibilidade de asignarles unha maior carga docente nos primeiros cursos, nos que o alumnado pode precisar unha maior actividade presencial no seu proceso formativo, e facilita modelos de organización docente orientados á elaboración de horarios con distribucións semanais repetitivas que eviten a súa atomización ao longo do período lectivo.

1. Encargo docente

O centro deberá realizar o **encargo** da docencia de cada materia **ás áreas de coñecemento** ás que foron adscritas de acordo co PDA autorizado na actualidade para cada titulación ou, no caso de novas implantacións, coa proposta da Comisión Redactora. Nas **materias de grao**, o encargo poderá facerse entre as áreas ás que se fixo a adscrición funcional.

O centro efectuará a **proposta de grupos** tendo en conta o aumento ou a diminución do número do alumnado en cada curso e/ou materia. Os aumentos de grupos que se propoñan deberán estar xustificadas. Para estimar o número de estudantes dunha materia, computarase todo o alumnado de nova matrícula e sumarase o alumnado de segunda e sucesivas matrículas ata o máximo do 20% do de primeira matrícula. Procurarase manter o mesmo número de grupos nun mesmo curso, utilizando como criterio a media de estudantes das materias do curso.

No caso de encargar a docencia dunha materia a máis de unha área ou departamento, debe especificarse a distribución de horas que corresponder.

No caso de **implantación ou de modificación de graos**, o centro deberá remitir con anterioridade a proposta de adscrición funcional das materias de formación básica e obrigatorias.

2. Organización docente nas titulacións de grao

O modelo de organización docente parte das estruturas de grupos previstas na Normativa de organización docente dos títulos de grao aprobada no Consello de Goberno do 27 marzo de 2009 modificada o 17 de decembro de 2009 e 17 de novembro de 2010 que modifícase para retirar os grupos de titorías en grupo reducido (TGR). O número de horas presenciais por crédito ECTS situase entre 7 e 10 horas, utilizando 10 horas para o tipo de actividades presenciais que impliquen menor traballo posterior por parte do estudiantado, e sempre que o número medio de horas presenciais no grao non sexa superior a 8,5 horas. Neste caso, a implantación será progresiva en función das dispoñibilidades orzamentarias.



Os centros poderán aumentar a docencia presencial nas materias de formación básica e obrigatorias dos primeiros cursos das titulacións de grao, mediante a redistribución das horas de docencia de titoría en grupos reducidos segundo estes modelos:

Materia cuatrimestral de 6 ECTS	Horas de docencia expositiva (HDE) por grupo (GDE)	Horas de docencia interactiva (HDI) / prácticas (HDP) por grupo (GDI/GDP)	Horas/ECTS	Horas/materia (con 1 GDE e 3-4 GDI)
Proposta inicial (2009-2010)	21	21	7	84-105
Modelo intermedio	30 (2h/semana)	21 (1,5 h/semana)	8,5	93-114
Materias con alta interactividade	30 (2h/semana)	24 (2h/semana)	9	102-126
Materias con baixa interactividade	45 (3h/semana)	15 (1h/semana)	10	90-105
Tamaño do grupo	60-80 estudantes	20-25 estudantes		

A ampliación dos esquemas de organización da docencia permite que se poidan establecer modelos diferentes en función do tipo de materia e do curso en que se impartan, axustando a estrutura académica ás metodoloxías docentes e ás características das materias, así como ao alumnado, de acordo coas memorias de verificación dos títulos.

3. Grupos de titorías en grupo reducido

Os modelos docentes elixidos terán unicamente dous niveis no tamaño dos grupos (DE e DI). Os grupos de titoría en grupo reducido (TGR) só se poderán manter nas materias das titulacións de Ciencias da Saúde ou nas que o xustifiquen por razóns de seguridade.

4. Créditos teóricos e prácticos

O número de horas de docencia expositiva (DE) non poderá ser inferior ao 50% do número total de horas de cada materia, agás naquelas materias que xustifiquen a necesidade de máis intensidade de docencia interactiva/prácticas na memoria do título. Neste caso, o número de horas de docencia por crédito ECTS axustarase segundo os modelos do apartado 2.



5. Mencións / itinerarios / especialidades

Transitoriamente a docencia nas mencionés en graos e mestrados con menos de 10 estudantes non poderá ser utilizada para xustificar a petición de prazas. O centro poderá non ofertar as mencionés (itinerarios ou especialidades) ou decidir mantelas. Neste segundo caso, o centro e os departamentos que teñan encargada a docencia asumirán o compromiso de impartir a totalidade das horas asociadas ás materias. No PDA estas materias da mención / itinerario / especialidade figurarán con 21 horas de DE (ou de TGR) nun único grupo para unha materia de 6 ECTS ou coa parte proporcional que corresponda. Unha vez comprobada a existencia de matrícula e decidida a efectiva impartición da materia, o centro comunicará á Vicerreitoría de Profesorado a efectos da inclusión das horas restantes no POD do profesorado.

6. Cómputo de disciplinas optativas

As materias optativas terán unha carga docente equivalente a 7 horas por crédito ECTS.

Nas titulacións en que a oferta de optativas permita escoller unha entre máis de dúas alternativas reducirase, como máximo, a unha de dúas.

As optativas que no curso 2023/2024 tivesen matriculados menos de cinco estudantes poderán ofertarse sen que se teñan en conta no cómputo da carga docente das áreas de coñecemento para xustificar a necesidade de prazas de profesorado. Figurarán no PDA, con 21 horas de DE (ou de TGR) para unha materia de 6 ECTS ou coa parte proporcional que corresponda. O centro e os departamentos que teñan encargada a docencia asumirán o compromiso de impartir a totalidade das horas asociadas ás materias. Unha vez comprobada a existencia de matrícula e decidida a efectiva impartición da materia, o centro comunicará á Vicerreitoría de Profesorado a efectos da inclusión das horas restantes no POD do profesorado.

Antes de contratar novo profesorado para unha área de coñecemento determinada, comprobarase se esta imparte docencia en materias optativas. En caso afirmativo, na oferta de optativas das titulacións terán preferencia as áreas onde exista capacidade docente suficiente con profesorado permanente.

7. Docencia en materias de formación básica e obrigatorias

Antes de contratar novo profesorado para unha área de coñecemento determinada, comprobarase se esta imparte docencia en materias de formación básica ou en obrigatorias con outras áreas afíns na adscrición funcional. De ser así, asignarase a docencia destas materias á/s área/s afín/s que contén con capacidade docente. As propostas de asignación serán aprobadas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) e comunicadas ao centro e departamentos afectados.

8. Oferta de docencia en inglés

O PDA correspondente á oferta de docencia en inglés axustarase ao establecido na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015 e modificada nos Consellos de Goberno do 14 de abril de 2016 e do 23 de xullo de 2019) que nos artigos 1.5 e 3.3 establece:

- “Os grupos que se podan formar para a docencia en inglés non suporán a contratación de profesorado”.
- “o número de estudantes matriculados no primeiro curso do grupo de inglés debe ser como mínimo de 10. Se non se chega a esa cifra para o ano académico correspondente, e non se forma o grupo, os estudantes internacionais cos que hai compromiso de docencia en inglés –e que non queiran mudar ao grupo de galego/español– recibirán a súa docencia a través da modalidade de titorías, que xerará un desconto docente de 15 horas para o profesor implicado.”



Os centros poderán optar entre crear un novo grupo para a docencia en inglés ou xerar un número de horas para imputar no encargo docente do profesorado que imparta estas materias do 25% das horas presenciais impartidas en inglés, sempre que se acredite un mínimo de dez estudantes matriculados e considerando as condicións da Normativa de dedicación do profesorado.

Para crear novos grupos de docencia en inglés será necesario acreditar coa matrícula un exceso de 20 estudantes na capacidade dos grupos.

Os grupos de inglés que no curso 2023/2024 tivesen matriculados menos de cinco estudantes figurarán no PDA con 21 horas de DE (ou de TGR) para unha materia de 6 ECTS. O centro e os departamentos que teñan encargada a docencia asumirán o compromiso de impartir a totalidade das horas asociadas ás materias.

Para cada curso académico, os centros confirmarán a continuidade da oferta de materias en inglés e comunicarán á Vicerreitoría de Profesorado:

- as materias de nova incorporación que de acordo coa memoria de verificación do título se imparten en inglés, que non requiren de autorización previa
- as materias de nova incorporación de plans bilingües que vaian ter un grupo en inglés, que terán que ser autorizadas pola Vicerreitoría de Títulos e Internacionalización
- as materias optativas de nova incorporación que se impartirán só en inglés, que terán que ser autorizadas pola Vicerreitoría de Títulos e Internacionalización

9. Docencia a distancia (docencia online)

De acordo coa Normativa que regula os estudos semipresenciais e a distancia na UDC (aprobada polo Consello de Goberno o 27 de xaneiro de 2021), o tamaño do grupo de referencia para a docencia a distancia será de 10 estudantes. Non poderán crearse novos grupos para a docencia a distancia se non se acredita coa matrícula un exceso de cinco estudantes na capacidade dos grupos.

No PDA das titulacións verificadas coa modalidade de docencia a distancia, as materias que se impartan nesta modalidade só computarán as horas de actividade presencial. Cando estas materias acrediten un mínimo de cinco estudantes na modalidade a distancia terán no PDA un grupo de docencia online cunha carga docente equivalente 24 horas para unha materia de 6 ECTS.

No profesorado con vinculación permanente á universidade, a dedicación ao ensino semipresencial non poderá superar o 50% da súa dedicación total, agás casos debidamente xustificadas.

10. Materias de mestrado

No caso de que un centro ofrezca estudos de mestrado, enténdese que as áreas de coñecemento que teñen adscrita esta docencia contan con profesorado suficiente e que, por tanto, se fan responsables de garantir que se imparta a docencia planificada ante calquera cambio imprevisto na capacidade docente.

Todas as materias de mestrado terán no PDA unha carga docente equivalente a 7 horas por crédito ECTS, agás que se xustifique a necesidade legal dunha intensificación docente, como acontece nalgunhas titulacións con atribucións profesionais.

A carga lectiva das ensinanzas conducentes á obtención de títulos de mestrado universitario terase en conta para os efectos da estimación da participación académica da área de coñecemento á que estea adscrita.

O PDA dos mestrados universitarios deberá ser aprobado pola súa comisión académica e contar co visto e prace do/a decano/a ou director/a do centro responsable, antes de remitilo á Vicerreitoría de Profesorado.



11. Materias nos mestrados interuniversitarios

Nos mestrados interuniversitarios e nos mestrados con profesorado externo á UDC, as materias ou as horas impartidas polo profesorado alleo á UDC non están adscritas a áreas de coñecemento e deberán deixarse sen distribuír entre as áreas. As Administracións dos centros deberán contactar co Negociado de Planificación do PDI (xestionpod@udc.gal) co fin de que se dean as instrucións oportunas para poder engadir en Sigma o profesorado pertencente a outras institucións distintas da UDC e que non figuren na aplicación.

Para efectos de xustificar a necesidade de prazas de profesorado, non se terán en conta no cómputo da carga docente das áreas de coñecemento, as horas en materias duplicadas impartidas por profesorado externo á UDC ou en materias con menos de cinco estudantes matriculados na UDC. En mestrados interuniversitarios sen duplicación (total ou parcial) de materias e cun único itinerario optativo ofertado na UDC, computarase para as materias deste itinerario a matrícula do mestrado na UDC.

12. Títulos que teñan previsto o seu inicio no curso 2024/2025

Os centros remitirán á Vicerreitoría de Profesorado a relación de áreas de coñecemento e os departamentos a que estean adscritas cada unha das materias do grao/mestrado. Para os graos, remitirase ademais a adscrición funcional das materias de formación básica e obrigatorias a un mínimo de tres áreas de coñecemento, de acordo coa proposta da Comisión Redactora da titulación.

Recoméndase que se remitan as áreas o máis axiña posible co fin de poder cumprir cos prazos de elaboración do PDA.

13. *Practicum*

Para o cálculo da participación académica nas materias de *Practicum* terase en conta o número de estudantes matriculados por primeira vez, o número de créditos asignados ao *Practicum* no plan de estudos e a memoria de verificación da titulación.

As horas correspondentes a cada materia serán asignadas ao centro responsable da titulación que, na elaboración do PDA, as distribuirá entre os departamentos que corresponda.

14. Materia para os Traballos de Fin de Grao (TFG) e os Traballos de Fin de Mestrado (TFM)

Modifícase no PDA o tratamento da materia TFG ou TFM dunha titulación, co obxectivo de estabilizar o encargo da materia TFG ou TFM curso a curso ás áreas do profesorado que dirixe traballos desta materia de carácter obrigatorio e como solución para manter o recoñecemento das horas de dirección de TFG ou de TFM e de participación nos tribunais correspondentes, modifícase o tratamento da materia TFG ou TFM.

A asignación de horas á materia e o seu encargo docente farase segundo o seguinte cálculo:

1. A media de horas de dirección de TFG ou TFM recoñecidas globalmente para a titulación nos tres cursos anteriores determinará as horas de TGR ou de prácticas da materia. Transitoriamente poderá utilizarse o número de horas de dirección do ano 2023.

O encargo ás áreas corresponderá á achega de cada área ao número de horas de TGR ou de prácticas, de tal forma que poida asignarse como recoñecemento ao profesorado da área que participou na dirección dos traballos, de acordo coa Normativa de dedicación do profesorado.



2. A media de horas de participación en Comisións de avaliación dos TFG ou TFM recoñecidas globalmente para a titulación nos tres cursos anteriores determinará as horas de Docencia Expositiva ou de teoría da materia. Transitoriamente poderá utilizarse o número de horas de participación nas comisións do ano 2023.

O encargo ás áreas corresponderá á achega de cada unha ao número de horas de DE/DT, de tal forma que poda asignarse como recoñecemento ao profesorado da área que participou nos tribunais, de acordo coa Normativa de dedicación do profesorado.

15. Comprobación Titoría dos TFG e TFM

Os centros deberán revisar os datos do profesorado que fixo a titoría de TFG ou TFM entre o 1/01/2023 e o 31/12/2023. No caso de detectar algunha incidencia, deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado no momento de elaboración do PDA, para proceder á súa corrección.

Consulta en Xescampus: *TFG.TFM.DIR "Listaxe dos Directores de TFG/TFM por Centro e Titulación"* e *TFG.TFM.DIR.ALUM "Listaxe Alumnado e Directores de TFG/TFM por Centro e Titulación"*.

16. Membros das comisións de avaliación dos TFG e TFM

Os centros deberán revisar os datos do profesorado que participou nas comisións de avaliación de TFG ou TFM entre o 1/01/2023 e o 31/12/2023. As direccións de centro comprobarán que son correctos e no caso de detectar algunha incidencia deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado no momento de elaboración do PDA, para proceder á súa corrección.

Consulta en Xescampus: *TFG.TFM.COM "Listaxe das Comisións Avaliadoras de TFG/TFM por Centro e Titulación"*.

17. Titorización académica de prácticas externas optativas en empresas e outras institucións

No momento de elaboración do PDA, as direccións de centro remitirán á Vicerreitoría de Profesorado os datos do profesorado que titorizou prácticas externas curriculares entre o 1/01/2023 e o 31/12/2023 utilizando o impreso do anexo III.

Estes datos non poderán ser modificados tras a finalización do prazo de elaboración do PDA, agás erro manifesto.

18. Recoñecemento como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

A Vicerreitoría de Profesorado enviará ás direccións dos centros os datos relativos á bolsa de horas que lles correspondan segundo os datos facilitados polas vicerreitorías competentes a estes efectos.

As direccións dos centros deberán incorporar as horas que lles correspondan pola "Titorización académica de prácticas externas extracurriculares en empresas e outras institucións", xustificando o número de prácticas que foron titorizadas no curso académico 2023/2024, e sumando 2 horas por cada estudante que realizase 300 horas de prácticas.

No prazo de elaboración do PDA, os centros enviarán a distribución de horas de RAADC á Vicerreitoría de Profesorado no modelo do anexo III. Esta distribución non poderá ser modificada tras a finalización do prazo de elaboración do PDA, agás erro manifesto ou petición xustificada na variación do persoal que colabora co centro.



A compensación de horas por este concepto non poderá ser superior a 50 horas por persoa, é incompatible con calquera outra redución por xestión e non pode ser aplicada ao PDI a tempo parcial.

19. Comunicación da finalización do encargo docente

Os centros deberán comunicar a realización do encargo docente á Vicerreitoría de Profesorado unicamente a través do correo electrónico vp@udc.gal.

Unha vez confirmados os datos da PDA, a Vicerreitoría de Profesorado remitirá unha copia para que sexa asinada pola persoa responsable do centro.

Unha vez que se revise a proposta de grupos pola Vicerreitoría de Profesorado, esta será incorporada ao POD e comunicarse aos departamentos a apertura do prazo para a asignación do encargo docente.

20. Interpretación da norma

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación deste procedemento.



Anexo I

Información que teñen que introducir os centros no PDA 2024/2025

Faise necesario pedir a colaboración dos centros no procedemento de elaboración do PDA para facilitar outros procesos posteriores relacionados coa xestión académica. A seguir, relaciónanse os datos que se precisan en Xescampus.

CENTROS

- Mestrado interuniversitario. Necesítase saber as universidades do sistema universitario de Galicia en que se imparte cada materia; engádese na pantalla de “Planificación/Inclusións”.
- Materias que se extinguen ou que non terán docencia, pero nas que existe o dereito a exame (marcar coa característica EX/MX). Márquese esta característica e poñer Grupos 1 (de teoría) e horas 0, para poder asociar un/unha profesor/a no proceso de POD (só actas), que cualifique aos estudantes e asine as actas correspondentes.
- Materias sen docencia nin dereito a exame. Márquese a característica XT/NM, extinguida non matriculable.
- Convocatoria. Asíciase correctamente o cuadrimestre (1.º, 2.º) ou convocatoria anual en cada caso.
- Docencia en inglés. Os centros deberán comunicar á Vicerreitoría de Profesorado as materias que se imparten en inglés co fin de poder xestionar correctamente a matrícula do alumnado.
- Primeiro primeira vez. Sinálese esta condición naquelas materias asociadas aos estudantes de primeiro curso.



Anexo II

Información sobre soporte técnico

Conéctese co seu navegador web á páxina:

<https://xescampus.udc.es>

Se vostede, unha vez que leu detidamente a documentación que se achega, ten algunha dúbida ou problema sobre o procedemento, pode poñerse en contacto co persoal da Vicerreitoría de Profesorado.

Preguntas **sobre o procedemento**:

Xefatura do Negociado III Servizo de Persoal Docente e Investigador	1092	xestionpod@udc.gal
---	------	--

Xaquín González Fuentes	Secretaría da Vicerreitoría de Profesorado	1184	vp@udc.gal
-------------------------------	---	------	--

Preguntas de **carácter técnico**:

Deberá poñer unha incidencia a través de AxudaTIC en:

<https://axudatic.udc.gal/>

No caso de non dispor da clave de acceso a Xescampus debera remitir a través de AxudaTIC o impreso que pode atopar en:

http://www.udc.gal/export/sites/udc/aspau/galeria_down/documentos/Alta_Xescampus.doc



Anexo III

Modelo de relación de profesorado que titorizou Prácticas Externas Obrigatorias e Optativas en Empresas e outras Institucións para a inclusión no POD do curso 2024/2025 Período: de 01/01/2023 a 31/12/2023.

Plan Docente Anual (PDA) 2024/2025

PROFESORADO QUE TITORIZOU PRÁCTICAS OPTATIVAS (de 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano anterior)					
Grao/Mestrado en: _____					
APÉLIDOS E NOME DO PROFESORADO DA UDC	ASINAR ACTAS NO PRÓXIMO CURSO SI/NON	NIF (sen puntos nin guiños)	CÓDIGO DA MATERIA	Nº ALUMNOS (aos que se lles titorizou prácticas)	HORAS A CUBRIR POLO NEGOCIADO DE PLANIFICACIÓN DE PDI

A Coruña/Ferrol, __ de __ 2024

(Asinado por o/a secretario/a do centro para as titulacións de grao)

Vº e prace

(Asinado por o/a coordinador/a para os mestrados)

O/A Decano/a

O/A Director/a



Modelo de solicitude de compensación de horas ao profesorado que colaborou en Actividades Docentes dos Centros (RAADC) para a inclusión no POD do curso 2024/2025

Plan Docente Anual (PDA) 2024/2025

CENTRO	APOIO A ACTIVIDADES DOCENTES DOS CENTROS (Non poderán adxudicarse horas a profesorado que teña redución por actividades de xestión universitaria ou vinculación a tempo parcial)		
	APELIDOS E NOME DO PROFESORADO	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS TOTAIS DO PROFESORADO (número enteiro)
Facultade/Escola			
de _____			
TOTAL, DE HORAS			0
TITORIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES CURSO 2022/2023 (Non poderán adxudicarse horas a profesorado que teña redución por Actividades de Xestión Universitaria, vinculación a tempo parcial)			
APELIDOS E NOME DO PROFESORADO	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS TOTAIS DO PROFESORADO (número enteiro)	
COORDINADOR/A DE SECCIÓN DEPARTAMENTAL: APELIDOS E NOME	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS (10/coordinador/a)	

A Coruña/Ferrol ___ de _____ 2024

Decano o secretario de Centro



Plan Docente Anual (PDA) Curso 2024/2025

COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS POR PARTICIPAR EN COMISIÓN DE AVALIACIÓN E POR DIRIXIR TRABALLOS DE FIN DE GRAO/MESTRADO DE TITULACIÓN INTERUNIVERSITARIAS

Comisións Avaliadoras

Datos de comisións constituídas entre 01/01/2023-31/12/2023

NOME	NIF	NÚMERO ALUMNOS/AS AVALIADOS/AS	CÓDIGO MESTRADO	HORAS A CUBRIR POR NPPDI

Directores/as de Traballos

Datos de traballos defendidos entre 01/01/2023-31/12/2023

NOME	NIF	NÚMERO TRABALLOS DIRIXIDOS/CODIRIXIDOS	CÓDIGO MATERIA	HORAS A CUBRIR POR NPPDI

A Coruña/Ferrol, __ de __ 2024

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: QVGG93RJIHT3R6V4D3VWQ00DQ
 Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad da Coruña. Fecha de creación: 07/03/2024 13:29:51 Página 12 de un total de 13 página(s).



Modelo para a incorporación/eliminación de materias á oferta de inglés no PDA do curso 2024/2025

Plan Docente Anual (PDA) 2024/2025

INCORPORACION Á OFERTA DE INGLÉS: GRAO EN _____			
CURSO	MATERIA CÓDIGO	MATERIA NOME	NECESITA GRUPO ADICIONAL SI/NON

RETIRADA DA OFERTA DE INGLÉS			
CURSO	MATERIA CÓDIGO	MATERIA NOME	NECESITA GRUPO ADICIONAL SI/NON

A Coruña/Ferrol, __ de __ 2024